

Celga



1

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-13

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre as preferencias da xuventude. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

AS PREFERENCIAS DA XUVENTUDE

O Observatorio Galego da Xuventude elaborou un estudo sobre as preferencias da mocidade galega. O estudo analiza o 19 % da poboación de Galicia, desde os 15 ata os 29 anos, e mostra os seguintes datos:

Residencia

O fogar materno e paterno segue sendo o máis habitual (63,89 %) que abandonan cada vez máis tarde. Normalmente saen da casa familiar por estudos (34,90 %), por ir vivir coa parella ou por casar (30,34 %). Tan só un 3,25 % sinala que ten problemas de convivencia coa familia.

Os proxenitores dos mozos galegos de hoxe en día son moi permisivos, pero quéixanse de que os seus fillos non axudan coas tarefas domésticas. Os traballos que hai que facer na casa acostuman levar a discusións: poñer e recoller a mesa, facer a cama, recoller o cuarto ou sacar o lixo son algunhas das tarefas que os pais lles esixen aos seus fillos.

Outros motivos de conflito familiar son os resultados académicos, a hora de volver á casa ou o exceso de alcohol que consome a mocidade durante a fin de semana.

Actividades no tempo libre

A seguir móstrase unha listaxe na que aparecen as actividades ás que a xuventude lle dedica o seu tempo libre e podemos observar cales son as súas preferencias de ocio.

1. Saír ou reunirse cos amigos	96,52 %
2. Usar redes sociais	92,56 %
3. Beber, ir de copas ou a discotecas	79,96 %
4. Ir ao cine ou ao teatro	62,40 %
5. Viaxar ou saír de excursión	61,46 %
6. Ir a concertos	58,68 %
7. Facer deporte ou participar en competicións	55,12 %
8. Xogar con videoxogos, consolas etc.	36,18 %
9. Ir a museos e a exposicións	23,30 %
10. Asistir a conferencias e a coloquios	15,97 %
11. Colaborar cunha ONG ou cunha asociación relixiosa	9,18 %

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minuto aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle ao candidato a estrutura da proba e acomodalo.</p> <p>As primeiras preguntas NON son avaliáveis.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como está? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... 	
2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: a partir de aquí XA é avaliável. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico do candidato relacionado co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
3. RESUMO	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do texto. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o artigo. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que di o texto sobre a residencia da xuventude de hoxe en día? ▪ Cales son os motivos polos que discuten pais e fillos? ▪ Que actividades practica habitualmente a mocidade? E con menos frecuencia? 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que **NON** se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Que pensa das actividades de ocio da mocidade de hoxe en día? Parécenlle adecuadas?
- Cal das actividades lle chama máis a atención? Por que?
- Que actividades bota de menos no estudo? Está de acordo con el?
- Cales son as súas afeccións? Coinciden coas preferencias da xuventude do estudo?
- Hai algunha actividade das que menciona o texto que non practica?
- Comparte vostede hobbies coa súa familia? E cales comparte cos seus amigos?
- Ten algunha afección que lle gustaría deixar de practicar?
- (Se procede) As preferencias de ocio da mocidade no seu lugar de orixe coinciden coas dos galegos? Cales son as semellanzas e as diferenzas?

OPCIÓN B

- Hai algo que lle sorprenda do estudo? Por que?
- Que motivos de conflito coñece vostede entre pais e fillos?
- Cre que os pais hoxe en día son permisivos ou esixen demasiado?
- Considera que os pais están moi involucrados no desenvolvemento educativo dos rapaces?
- Cre que os pais deben facer os deberes polos seus fillos?
- Cal é a idade que considera apropiada para comezar a saír? E a que hora deben regresar os mozos á casa?
- (Se procede) As preferencias de ocio da mocidade no seu lugar de orixe coinciden coas dos galegos? Cales son as semellanzas e as diferenzas?

OPCIÓN C

- A que anos se independizou (ou pensa independizarse)? Por que motivo?
- Con quen vive? Hai normas de convivencia na súa casa? Cales?
- Como distribúen as tarefas domésticas? Está de acordo?
- Que tarefas domésticas lle gusta facer? Por que?
- Hai algunha tarefa que vostede deteste? Por que?
- Pensa que fumar ou ter unha mascota pode ser motivo de conflito para a convivencia?
- Ten ou tivo vostede problemas de convivencia?
(Resposta afirmativa) Por que motivos?
(Resposta negativa) Cal é a clave para non telos?
- (Se procede) As preferencias de ocio da mocidade no seu lugar de orixe coinciden coas dos galegos? Cales son as semellanzas e as diferenzas?